

Illas Hormigas.

O faro de formigón e pranta circular do faro das Illas Hormigas recorda a traxedia da noite de defuntos de 1869, cando un vendaval de levante destruíu outro faro –de pranta cuadrada- que había no mesmo punto e acabou coa vida da muller, tres fillos e o axudante do fareiro.

As Illas Hormigas son un grupo de illotes que se atopan fronte ao cabo de Palos, a unhas dúas millas e media da costa. As tan espidas rochas da superficie, éñchense de vida baixo a auga; aquí proliferan comunidades bentónicas diversas e abundantes, sobre todo a poucos metros de profundidade, onde a luz aínda permite que a actividade fotosintética sexa intensa.

Tamén unha estrela de mar indolente que agarda sobre a rocha... e unha sinuosa morea que sae de caza entre as algas; a particular adaptación do seu corpo á natación fai que pareza que non fai ningún esforzo para se mover, que só ten que deixarse arrastrar pola corrente. Vai cara á súa cova; tense instalado nun pecio, un cadáver que xace camuflado entre tanta vida.

O 13 de agosto de 1906, o trasatlántico a vapor Sirio partiuse en tres, e aquí, no baixo de Fuera, ficaron os seus anacos, diseminados na zona que desde 1995 é reserva integral da natureza.

Entre os ferros cubertos de seres vivos, uns poucos buzos autorizados buscan pezas que contén algo das vidas que se perderon.

Nin o faro nin as cartas de navegación evitaron que o buque se arrastrara sobre o baixo. Entre a sorpresa e o medo, estouraron as caldeiras do trasatlántico italiano e fixeron voar as cubertas da pasaxe que estaban sobre elas.

Máis de duascenas persoas das oitocentas que fuxían da fame non conseguirían xa chegar nunca a América. Eran emigrantes italianos e españois, moitos embarcados ilegalmente a cambio de diñeiro por unha tripulación o erro da cal foi a causa de que embarrancara o buque, do que fuxiron abandonando aos pasaxeiros amoreados.

Agora, a vida que cobre o pecio semella render homenaxe a aquelas vidas perdidas pola mala sorte ou a cobiza.

As rochas dos baixos das Illas Hormigas seguen a albergar algas, corais, esponxas, estrelas de mar, peixes, e os ferros do Sirio son xa refuxio de animais e sustrato bentónico, unha peza máis do ecosistema submarino do cabo de Palos, onde o plancton sobre o que repousa toda a rede trófica chega coas correntes.

Non foi o primeiro nin o derradeiro naufragio. A traxedia alterna co esplendor nas Illas Hormigas.